

Cando Leonardo Padura dialoga con Alberte Momán

HENRIQUE DACOSTA




Non albergo a máis mínima dúbida de que o escritor cubano Leonardo Padura é, hoxe por hoxe, un dos grandes da literatura en lingua española. Avalado por un número importante de premios, ademais de relevante categoría (Café Gijón, Premio Hammett, Premio de la Crítica, Premio UNEAC, Raymond Chandler, Premio Nacional de Literatura, Premio Princesa de Asturias, etc.), foi capaz de inmortalizar o seu detective Mario Conde, para ser unanimemente laureado por crítica e público. Actualmente, millóns de lectores nos máis diversos idiomas poden gozar das aventuras e investigacións levadas a termo por este policía habaneiro, o cal tamén ten entrado con éxito a través das pantallas televisivas. Así pois, a miniserie “Cuatro estaciones en La Habana”, condensa catro das súas novelas policíacas, sendo o actor Jorge Perugorria quen encarna o papel do afamado detective.

Mario Conde, de aparencia desordenada, dado á bebida, certamente desencantado e melancólico, investiga na Cuba comunista casos escabrosos e complexos. En absoluto compracente, retrata con verosimilitude a sociedade cubana, de costume enfrontada a un futuro incerto cheo de penalidades en que sobrevivir, tentando “resolver” no seu día a día. Clásicos do xénero como Chandler, Hammett, Sciascia ou Vázquez Montalbán forman parte dese imaxinario con que constrúe o seu relato, o xénero negro en que se move con tanta soltura. Mario Conde é, a final de contas, un verdadeiro “outsider”. Rodéase dun círculo amical tan ou máis escéptico ca el, o Flaco Carlos, o Conejo, Candito o Rojo, Andrés, e da súa parella, Tamara. O propio Padura confesa que Conde non podía nin quería ser policía, de modo que tras “Paisaje de otoño” (1998) termina por abandonar a institución para se dedicar á compravenda de libros vellos. Nun certo sentido, estamos a ver nel case que un alter ego do escritor. “Antes sentía ira y desencanto por Cuba, ahora solo escepticismo”, ten dito Leonardo Padura nunha certa altura, calco de como se sente e podemos ver retra-



tado o seu personaxe detectivesco, Mario Conde.

Dáse a circunstancia de que nestes momentos estou a desfrutar da lectura de “Herejes”, unha novela del publicada hai seis anos. Mario Conde continúa a protagonizar o relato, aínda que retirado xa do seu oficio policial. De igual maneira que temos visto en “El hombre que amaba a los perros” (2009), vertixinosa historia tecida de arredor das vidas de Troski e Ramón Mercader, nestoutra cóntasenos outra subxugante narración sobre o acontecido cun cadro de Rembrandt e unha saga familiar xudía, con lazos en Cuba, que se estende até os nosos días. Indefectiblemente, e a pesar da súa nova dedicación á compravenda de libros vellos, Mario Conde non poderá eludir verse envolvido unha vez máis nunha complexa investigación. Elías Ambrosius, sefardí que vive en Amsterdam (a Nova Xerusalén), sente paixón pola pintura. É esta unha das partes fundamentais deste gran relato, dando un salto agora á primeira metade do séc.XVII. Elías porase a traballar como criado do famoso pintor e, de xeito paseño, irá adquirindo coñecementos técnicos sobre pintura, xa que era o que máis desexaba. Mais ser artista, pintar seres humanos ou animais está prohibido pola Lei. Non obstante, asume que debe correr o risco, mesmo que sexa descuberto e declarado herexe.



“Ahora entendía incluso por qué Uriel da Costa había terminado doblgado y había pedido perdón, solo para quitarse la vida unas semanas después: por miedo y por vergüenza, consecutivamente. Pero él, como lo estaba haciendo Baruch Spinoza, no se suicidaría ni admitiría culpa alguna ni les daría el gusto de verlo sufrir por más que en realidad sufriera, pues la ganancia de libertad que significaba vivir sin miedo lo compensaba todo. Él no se sometería, no se humillaría.” Vemos neste treito da novela, alén do propio Elías Ambrosius, a outros dous xudeus que desafían a Torá, Uriel da Costa e o filósofo Baruch Spinoza, ambos castigados polo herém ou excomuñón. Acerca do primeiro, xa sabemos cal foi a súa fin. Todos tres son verdadeiros “outsiders”, habitantes dun “non lugar” ou “sen lugar” que é, á fin e ao cabo, o mesmo que acontece co suxeito lírico expresado a través da escrita de Alberte Momán, ben explícito agora no seu último poemario de prosa poética, “1[14]1”, unha espléndida distopía que nos envolve nese seu mundo poboado de espazos difusos, xa se chamen estes “sen lugar” ou “non lugar”.

No poeta Alberte Momán, tal loce como un dos eixos temáticos máis firmes e poderosos da súa escrita, xa presente de antes en “Occidente” por medio do home branco que some te outra persoa para convertela nun

“non ser”. Esta tórnase nun individuo alienado que até perdeu o seu nome e está imposibilitada de fuxir. En “Tripas”, con posterioridade, fálase de desposuimento, de prescindir totalmente do eu, da soidade, da frustración, da dor... Pero xa en “1[14]1” existe unha necesidade diferente, a da edificación dun lar, ora nun lugar que non lle pertence, que é inhóspito, hostil. O exilio vólvese unha forma de combate, porque ela fora anatemizada nun pasado, condenada a pertencer a un “non lugar”, pese a pretender mimetizarse co fin de poder amputar a dor. Ela perdeu o seu ser, despersonalizouse por tentar darse ao ben común, ficando así excluída e convertida nunha estraña. Quérese dicir, o eu lírico vive no desarraigo, quer físico, quer psíquico, mora na periferia, no límite, na zona marxinal, desposuída e estigmatizada. E, con todo, a necesidade de crear un novo contexto provoca a sensación de culpa, nese límite difuso entre a discriminación e a condición do que é ilegal.

Nun certo sentido, todos habitamos lugares de transitoriedade, como o ten definido Marc Augé, ao definir o termo “non lugar”. Os “lugares” opóñense aos “non lugares” por seren sitios antropolóxicos, históricos e vitais, face a aqueles outros espazos onde simplemente nos relacionamos: aeroportos, cuartos de hotel, supermercados... Non obstante, xulgamos, aquí a mudanza fundamental estriba en que o “non lugar” deixa de ser transitorio para se converter en permanente. Así lle acontece a Elías Ambrosius ou aos personaxes da novela “Sefarad”, de Antonio Muñoz Molina, como o ancián sefardí Salama, entrañábel e tímido, namorado dunha muller inalcanzábel, que vive saudoso e ancorado ao seu vello comercio de Orán ou o do home de prol austríaco que se descobre anotado nunha lista como xudeu na época do auge nazi, vistos os antecedentes herdados dun seu avó. O exilio, a exclusión, a periferia, o estigma, o non lugar... ou tantos outros termos con que Alberte Momán dota a súa escrita, sonlle tamén acaídos ao escéptico Mario Conde, melancolicamente desencantado, e ao Elías Ambrosius que enfronta a Lei por querer ser pintor, unha herexía ao ser observado desde o outro lado. Porque, como se nos di en “1[14]1”, “O poder crea o non lugar, elimina a esencia de todos os espazos, deshumaniza as estruturas. É pai de todos os exilios.”